

AFRICOR



LUGO



MEMORIA 2021

AFRICOR LUGO

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE
CRIADORES DE FRISÓN
DE LUGO PARA O CONTROL
DE RENDEMENTOS



Memoria de actividades da
Asociación Provincial de Criadores de Frisón
de Lugo para o Control de Rendementos,
AFRICOR LUGO, correspondente ao ano 2021



Edita:
Africor Lugo

Maquetación e deseño:
Transmedia Comunicación & Prensa

Depósito Legal:
LU 280-2007

É un pracer para nós podervos presentar a Memoria de actividades de Africor Lugo do ano 2021, onde se trata de reflectir o traballo desenvolvido pola Asociación e onde salientamos os méritos das principais ganderías no seu labor como criadores e produtores de leite.

Dende a directiva de Africor Lugo traballamos para ofrecer os mellores servizos, conscientes de que estamos ante un sector en continúa modernización. O Control Leiteiro sempre debe procurar ir por diante do gandeiro, prestándolle servizos e información que cubran as súas expectativas.



Así, no ano 2021 comezamos a realizar análises de ácidos graxos en todas as mostras, algo que consideramos que vai ser de axuda na xestión das explotacións; como froito dunha negociación entre as Africores e o Ligal produciuse unha harmonización nas analíticas levadas a cabo nas catro provincias, algo que contribúe a incrementar a información dispoñible, á vez que permitiu alcanzar un mellor prezo.

Vivimos nunha época chea de incertezas, cando, aínda sen tempo para recuperarnos dunha pandemia, nos atopamos cunha guerra a miles de quilómetros, que altera os prezos dos insumos e condiciona o futuro das nosas explotacións. Aínda así, eu penso que debemos ser optimistas, pois os nosos produtos son alimentos básicos para a poboación e, polo tanto, considero que a demanda sempre vai estar asegurada.

Pese ao continuo peche de ganderías, Lugo é un referente na produción de leite a nivel nacional e Galicia unha das principais rexións produtoras de Europa. A produción de leite é o gran motor económico de moitos concellos galegos, un sector capaz de xerar riqueza e postos de traballo a partir do uso da terra, ao tempo que contribúe ao mantemento das paisaxes e da poboación no rural.

Estamos convencidos de que o Control Leiteiro é unha ferramenta importante na xestión das explotacións, que axuda na toma de decisións e permite identificar os animais verdadeiramente rendibles.

Quixera achegar o noso agradecemento, no meu nome e no da Xunta de Goberno, a todas aquelas persoas que entenden o Control Leiteiro como unha ferramenta de xestión e a todos os traballadores de Africor Lugo, polo seu esforzo en mellorar a recollida de datos e en transmitirles información ás ganderías asociadas, así como agradecer a confianza que están a depositar todos os nosos socios.

Así mesmo, queremos deixar constancia do noso agradecemento ás institucións que financian e apoian o Control Leiteiro, xa que desta forma están potenciando o sector produtivo máis importante da provincia.

Manuel Sandamil Cabana
Presidente de Africor Lugo

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
2. SERVICIOS PRESTADOS AOS ASOCIADOS	9
3. O CONTROL LEITEIRO	13
3.1. Evolución do número de explotacións en Control Leiteiro en Galicia	
3.2. Evolución do Programa de Control Leiteiro na provincia de Lugo	
3.3. Estrutura do rabaño	
3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro	
4. FORMACIÓN	19
4.1. XIV Xornada Técnica de Producción de Leite	
5. MERCADO DE ANIMAIS	23
5.1. Bolsa de recría	
6. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO SECTOR PRODUTOR DE LEITE	24
6.1. Concurso Autonómico Fefriga	
6.2. Concurso Nacional Conafe	
7. DATOS DE CONTROL LEITEIRO	28
7.1. Producción	
7.2. Analíticas	
7.3. Partos	
7.4. Inseminacións	
8. ESTUDO DAS PRODUCCIÓN	34
8.1. Evolución da media de produción por vaca en Galicia	
8.2. Producións medias por provincia	
8.3. Evolución dos grupos de produción	
8.4. Produción por raza	
9. MELLORES GANDERÍAS POR PRODUCCIÓN	40
9.1. Melloras explotacións por produción diaria	
9.2. Ganderías con media de produción superior a 12.000 quilos	
9.3. Melloras explotacións por concello	
10. PRODUCCIÓN MEDIAS POR CONCELLO	50
11. CLASIFICACIÓN DAS MELLORES VACAS POR PRODUCCIÓN	52
11.1. Melloras vacas por produción de 1.º parto	
11.2. Melloras vacas por produción de dous ou máis partos	
11.3. Melloras vacas por produción vitalicia contabilizada no ano 2021	
12. LONXEVIDADE	64
12.1. Motivos de baixa	
12.2. Melloras ganderías por produción vitalicia	
12.3. Produción por día de vida	
12.4. Melloras vacas por produción por día de vida	
12.5. Melloras ganderías por produción por día de vida	

13. RECONTO DE CÉLULAS SOMÁTICAS	73
13.1. Reconto celular diferenciado	
13.2. Melloras explotacións por reconto celular medio	
14. LIBRO XENEALÓXICO	80
14.1. Animais inscritos no Libro Xenealóxico	
14.2. Categorias dos animais no Libro Xenealóxico	
15. CUALIFICACIÓN MORFOLÓXICA	83
15.1. Ganderías cunha media de cualificación de 81 ou máis puntos	
15.2. Vacas de primeiro parto cualificadas MB 86 ou máis durante o ano 2021	
15.3. Vacas Excelentes cualificadas en 2021	
16. VALORACIÓN XENÉTICA	91
16.1. Melloras ganderías por media de ICO	
16.2. Melloras vacas por ICO	
16.3. Melloras xovencas por ICO	
16.4. Melloras femias por GICO	
17. ESTUDO DAS FILLAS DE TOUROS DE XENÉTICA FONTAO	100
17.1. Dato xerais	
17.2. Produción das fillas de touros de Xenética Fontao	
17.3. Cualificación das fillas de touros de Xenética Fontao	
18. INFORME REPRODUTIVO	110
18.1. Taxa de non retorno	
18.2. Número de inseminacións por vaca preñada	
18.3. Intervalo entre partos	
18.4. Intervalo de parto-primeira inseminación	
18.5. Intervalo parto-inseminación fecundante	
19. ESTUDO DOS TOUROS USADOS EN CONTROL LEITEIRO	116
19.1. Touros máis usados durante o ano 2021	
19.2. Taxa de non retorno (TNR)	
19.3. Seme sexado	
19.4. Facilitade de parto	
19.5. Velocidade de muxido	
20. INFORMACIÓN DO CONTROL LEITEIRO	131
20.1. Informe mensual	
20.2. Informe de lactacións	
20.3. Informe técnico	
20.4. Informe anual	
21. MELLORES GANDERÍAS DA PROVINCIA DE LUGO	138

1. INTRODUCCIÓN

A Asociación Provincial de Gandeiros de Lugo para o Control de Rendementos, Africor Lugo, é unha asociación sen ánimo de lucro, que vén realizando dende o ano 1992 o Control Leiteiro oficial na provincia de Lugo. Na actualidade dáselles servizo a 1.225 socios, a través dun cadro de persoal de 48 empregados.

Os controladores visitan mensualmente todas as explotacións asociadas e nelas recollen datos de produción, reprodución e mostras de leite de cada vaca, o que permite obter unha información que, unha vez procesada, é remitida ao gandeiro en informes con periodicidade mensual.

Toda esta información serve para unha mellor xestión das ganderías asociadas, tanto a nivel reprodutivo como sanitario, para o control da alimentación, a orientación sobre a mellora xenética, a recría etc. Por outra banda, con esta información realízanse as avaliacións xenéticas oficiais a nivel nacional, que permiten valorar tanto as vacas coma os touros utilizados na inseminación artificial.

A estrutura organizativa de Africor Lugo é a seguinte:

- Asemblea Xeral: formada por todos os socios, órgano supremo de decisión.
- Consello Xeral de Delegados: composta polos representantes de cada concello. É un órgano consultivo.
- Xunta de Goberno: composta polos sete delegados con maior número de votos elixidos pola Asemblea Xeral.

Xunta de Goberno de Africor Lugo:

Presidente:	D. Manuel Sandamil Cabana
Vicepresidente:	D. José Alberto Iglesia Vila
Secretario:	D. María Castro López
Tesoureiro:	D. Antonio Alvite Luaces
Interventor:	D. Julio López Fernández
Vogal:	D. Fernando López Fernández
Vogal:	D. José Manuel Castro Núñez

Africor Lugo forma parte, xunto co resto das Africores provinciais, da Federación Frisona Galega (Fefriga), entidade que representa a Galicia a nivel nacional na Confederación Nacional de Frisona Española (Conafe). Actualmente, o presidente de Africor Lugo é o presidente de Fefriga e membro da directiva (secretario) de Conafe.

Á súa vez, Africor Lugo forma parte do Centro Autonómico de Control Leiteiro (Cegacol), entidade que obtema a delegación da Administración autonómica para realizar o Control Leiteiro en Galicia.

Os datos presentados nesta Memoria pretenden amosar o traballo das ganderías lucenses na mellora das súas explotacións. A mellora das producións está baseada nun manexo máis axeitado do gando, tanto no que atinxe ás instalacións como á alimentación, ás condicións de produción e ao benestar animal. Así mesmo, estase a poñer moita máis énfase na recría, tanto en calidade coma en cantidade, xunto cunha mellor selección dos animais a recría e dos touros que se van empregar, o que contribúe igualmente ao melloramento das ganderías.

Se ben a Memoria salienta aqueles animais e ganderías máis produtoras, o obxectivo das granxas debe ser a rendibilidade, polo que cada unha delas debe axustar o seu nivel de produción ás súas posibilidades e ao seu sistema de manexo. Nesa busca da rendibilidade é onde a mellora xenética pode achegar animais que sexan capaces de transformar mellor o alimento en leite, cunha maior resistencia ás enfermidades e que duren máis tempo, obtendo así altas producións de leite, de boa calidade e a baixo custo.

Como asociación colaboradora do Plan de Mellora Gandeira de Galicia, destácanse de xeito particular os datos das fillas de touros de Xenética Fontao.

Para a elaboración desta publicación, utilízanse datos ata o 31 de decembro de 2021. As lactacións son normalizadas a 305 días e non se empregan lactacións proxectadas. As lactacións empregadas corresponden a vacas con data de secado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021, cun mínimo de 240 días en produción. As lactacións reais só se empregan nos cálculos de produción vitalicia.

As avaliacións xenéticas empregadas corresponden ás publicadas por Conafe en novembro de 2021.

Africor Lugo ten a certificación ISO 9001-2015 e é a primeira asociación de control leiteiro de España que conseguiu esta acreditación.

Esta certificación de calidade ten os seguintes alcances:

- Control Leiteiro
- Testaxe de equipos de medición
- Trámite e envío de documentación ao Libro Xenealóxico
- Xestión de toma de mostras para probas de filiación por ADN

O sistema de xestión da calidade que ten implantada a asociación cumpre coas esixencias da norma ISO 9001:2015 e trata de desenvolver procedementos de traballo que redunden nunha mellor calidade do servizo que se lles presta aos socios e clientes.



2. SERVIZOS PRESTADOS AOS ASOCIADOS

CONTROL LEITEIRO

É a actividade principal desenvolvida pola Asociación e ten carácter oficial, ao estar integrada no Centro Galego de Control Leiteiro (Cegacol), entidade que coordina a realización do Control Leiteiro Oficial en Galicia.

Os técnicos de campo visitan cada unha das explotacións asociadas unha vez ao mes, durante a realización do muxido, anotando a produción de cada animal e tomando unha mostra de leite de cada un deles para o seu posterior envío ao laboratorio (Ligal), onde se fai a analítica de graxa, proteína, recuento de células somáticas e BHB (betahidroxibutirato, indicador de cetose) e urea. Durante estas visitas tamén se recollen datos reprodutivos como datas de parto, incidencias do parto, inseminacións etc., e tamén se proceden a actualizar os censos (altas e baixas) dende a última visita. Na propia visita emítese un informe do traballo realizado, o cal contén índices e ratios calculados a partir dos datos recollidos.

Cada visita lévase a cabo cun intervalo de entre 26 a 33 días dende a visita do mes anterior, sempre cambiando de mes.

Toda a información recóllese en dispositivos móbiles e é procesada en Africor Lugo, onde se xeran informes que son remitidos ao gandeiro, como ferramenta de traballo para realizar unha xestión máis adecuada da súa explotación. Esta información almacénase na Coleweb, a páxina web do Control Leiteiro oficial de Galicia, <https://cegcol.xunta.gal>.

No ano 2021 realizáronse 884.684 controis, recolléronse 280.841 inseminacións e déronse de alta 92.312 partos, o que dá idea do volume de datos recollidos.

XESTIÓN DE ENVÍO DE DATOS AO LIBRO XENEALÓXICO

En cada visita á explotación, os técnicos de campo son os encargados de recoller a información necesaria para dar de alta os animais que se atopen de novo na granxa, xa sexan altas por nacemento ou compra.

Os animais son identificados co CIB (código de identificación bovina). O controlador envíalle a información a Africor Lugo e, tras cotexala, envíase a Fefriga, quen lles asigna un número de rexistro e emite un certificado conforme está inscrito no Libro Xenealóxico. O certificado de rexistro entrégaselle ao gandeiro a través do controlador na seguinte visita.

Os gandeiros en Control Leiteiro teñen a obriga de controlar todos os efectivos da explotación e de inscribir todos os seus animais de raza frisona no Libro Xenealóxico.

No ano 2021 tramitáronse 37.526 expedientes, dos que 30.923 corresponden a nacementos na propia explotación e o resto a compras, transferencias, cambios etc.



PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA RAZA FRISOA

Outra das actividades da Asociación é a organización de eventos nos que os gandeiros poidan amosar os seus animais como criadores de frisón, facendo promoción das súas ganderías. Os concursos de gando son a maiores eventos que permiten ver os avances acadados na mellora da raza frisoa, tanto a nivel xenético coma de manexo da recría, e son un punto de encontro de profesionais dedicados á produción de leite. Africor Lugo colabora coa Asociación de Empresarios de Muimenta na organización do concurso de gando frisón de Moexmu.

COMERCIALIZACIÓN DE ANIMAIS

Calquera socio pode publicitar os seus animais a través da bolsa de recría da páxina web e da aplicación para teléfonos móbiles, tanto machos coma femias para a súa venda. Tamén pode inscribir as femias nas poxas organizadas pola Asociación, sempre que cumpran os requisitos esixidos. A inscrición ás poxas debe realizarse como mínimo cun mes de antelación á celebración desta co fin de poder realizar as probas sanitarias. A compra nas poxas organizadas por Africor Lugo está aberta a todos os gandeiros, socios ou non.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Africor Lugo organiza charlas formativas sobre temas de interese para o sector, onde interveñen relatores de prestixio, tanto nacionais coma estranxeiros. De xeito periódico organízase a xornada técnica, no mes de febreiro ou marzo, onde acoden centos de gandeiros e técnicos relacionados co sector para actualizar coñecementos sobre a produción de leite.

ENVÍO DE INFORMACIÓN AO MÓBIL



Permite achegar de forma fácil e rápida a información sobre eventos de importancia para o socio, como a celebración de poxas, charlas, calendario de repartición de doses etc. Tamén se pode solicitar o envío de datos de reconto celular e de BHB a través do móbil, que son enviados no mesmo día no que se dispón das analíticas, sen ter que estar pendente de cando se publican na páxina web. O servizo é gratuíto.

PROGRAMA DE APAREAMENTOS

Trátase dun programa independente, sen interese comercial, levado a cabo por técnicos da Asociación. Consiste en acoplar os touros que o gandeiro desexe, para obter o máximo rendemento ao investimento realizado en doses seminais. Dispónse dun programa informático que traballa cos índices xenéticos de vacas e touros, que se actualiza constantemente. Un dos obxectivos é minimizar a consanguinidade nos cruzamentos e orientar á mellora xenética de forma personalizada en cada unha das ganderías. Existen varias modalidades en función de se o técnico visita a granxa ou non, así como do número de veces ao ano que se realizan os apareamentos. Na actualidade utilizan este servizo o 30 % dos socios.



ANÁLISE DE ADN

Este servizo préstase en colaboración co Laboratorio de Xenética Molecular de Xenética Fontao, ao que se lle remiten mostras de sangue, pelo ou cartílago, para illar o ADN do animal e poder realizar diferentes determinacións:

Freemartin: con este nome coñécense as femias xemelgas con macho. A análise do sangue de femias nadas de parto xemelgar con macho permite diferenciar aqueles animais que poden ser non aptos para a reprodución, dende o mesmo momento tras o nacemento.

A porcentaxe de femias aptas para a reprodución nadas xunto cun macho é do 16 %. É unha porcentaxe baixa, polo que non se debe arriscar a recriar unha xemelga de macho sen facerlle esta proba.



Probas de filiación: as probas de paternidade son unha ferramenta para darlle fiabilidade ao Libro Xenealóxico.

- Probas oficiais, a petición de Conafe, tanto con probas aleatorias como dirixidas
- Recuperación de xenealoxías
- Probas a machos de monta natural
- Animais participantes en poxas e concursos
- Control de erros detectados por medio de depuracións realizadas sobre o Libro Xenealóxico:
 - Inseminacións dobres: vacas inseminadas con dous touros frisóns no mesmo celo ou cun intervalo curto de tempo
 - Fillas de touros con nomes moi parecidos ou iguais
 - Animais nados tras xestacións de máis de dez meses

Probas xenómicas: a análise xenómica permite estimar con maior fiabilidade o valor xenético do animal, o que axuda a seleccionar mellor os animais a recriar, á vez que estas probas permiten precisar determinados xenotipos de interese, como xenes recesivos non desexables (transmisión hereditaria de enfermidades) ou xenotipos relacionados cunha maior rendibilidade para a produción de queixo (como a K-caseína) ou unha mellor dixestibilidade do leite (B-caseína).

TESTAXE DOS EQUIPOS DE MEDICIÓN

Todos os equipos utilizados para determinar a cantidade de leite producida polas vacas son testados seguindo a normativa do ICAR, para garantir a fiabilidade da información recollida. A testaxe dos equipos lévase a cabo de forma gratuíta para os socios, tanto dos medidores portátiles coma dos que dispoñen as instalacións (medición electrónica). A maiores, realízase a testaxe dos equipos doutras asociacións de control leiteiro do resto de España.

REPARTICIÓN DE DOSES SEMINAIS

Africor Lugo pon a disposición dos socios as doses que comercializa Xenética Fontao, achegándolles toda a información a través de catálogos informativos. Así mesmo, realízase a repartición de doses da campaña de seme dentro do Programa de Mellora Ganadeira de Galicia.



PÁXINA WEB

A páxina web de Africor Lugo, www.africorlugo.com, serve de medio de divulgación das actividades desenvolvidas pola Asociación, á vez que é o portal de referencia para a consulta de datos de Control Leiteiro.


APP

Aplicación gratuíta para o teléfono móbil que lles permite aos gandeiros acceder á información dun xeito máis rápido e sinxelo.

Esta aplicación consta basicamente de dúas partes: unha pública, dedicada a amosar as novas máis salientables do sector, así como unha bolsa de animais á venda, e outra personalizada, na que cada gandeiro pode consultar os datos dos seus animais. Así, con tan só teclear os catro últimos díxitos do crotal da vaca podemos acceder aos datos do animal, o leite producido no último control, a analítica, a súa xenealoxía, o seu estado reprodutivo e ata unha recomendación de apareamento.

Amosa dun xeito rápido e áxil a información máis salientable dunha vaca, o que permite comprobar a información de calquera animal sen ter que ir ata a oficina e consultar os informes en papel ou en Internet. Aínda que é preciso conectarse á Rede para actualizar os datos, unha vez descargados pódense consultar sen necesidade de cobertura, en calquera parte do establo.

Esta aplicación é gratuíta e está dispoñible en Internet, accedendo a ela como Cegacol. Unha vez descargada en configuración, hai que darse de alta coas credenciais de Control Leiteiro (CEA e contrasinal).



3. O CONTROL LEITEIRO

O Control Leiteiro é unha ferramenta para o manexo da explotación. Os técnicos que visitan as explotacións recollen os datos, que, unha vez procesados, retornan ao gandeiro nun formato que lle permite utilizar esa información na xestión da explotación.


3.1. Evolución do número de explotacións en Control Leiteiro en Galicia

Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	
					Neto	Acumulado
1992	139	330	15	99	583	1.729
1993	94	155	-2	22	269	1.998
1994	62	317	8	119	506	2.504
1995	103	182		44	329	2.833
1996	211	183	4	111	509	3.342
1997	75	154	-2	65	292	3.634
1998	75	196	-2	83	352	3.986
1999	33	185	1	57	276	4.262
2000	78	221		101	400	4.662
2001	9	5	-3	-26	-15	4.647
2002	9	-36	-1	-11	-39	4.608
2003	-30	-42	0	1	-72	4.536
2004	11	50	-1	-1	59	4.595
2005	-27	-54	-4	-11	-96	4.497
2006	-30	-73	0	-27	-130	4.367
2007	-38	-28	-4	-26	-96	4.271
2008	-25	-33	0	-9	-67	4.204
2009	10	-32	2	1	-19	4.185
2010	-56	-108	-5	-64	-233	3.952
2011	-37	-98	0	-29	-165	3.787
2012	-43	-119	0	-31	-193	3.594
2013	-41	-93	-2	-26	-162	3.436
2014	-22	-59	-1	-20	-102	3.335
2015	-41	-102	0	-21	-164	3.171
2016	-44	-107	-7	-28	-186	2.985
2017	-32	-49	-4	-23	-108	2.877
2018	-32	-45	0	-18	-93	2.784
2019	-20	-55	2	-13	-86	2.698
2020	-23	-37	1	-12	-71	2.627
2021	-26	-40	-2	-24	-92	2.535
TOTAL	868	1.265	15	387		
%	34,2	49,9	0,6	15,3		

3.2. Evolución do Programa de Control Leiteiro na provincia de Lugo

Ano	Explotacións	Vacas (maiores de 2 anos)	Vacas/gandería
1990	216	4.260	19,7
1993	982	23.725	24,2
1996	1.664	42.550	25,6
1999	2.199	63.220	28,7
2002	2.389	88.336	37,0
2005	2.343	93.126	39,7
2008	2.209	94.899	43,0
2009	2.177	96.669	44,4
2010	2.069	97.669	47,2
2011	1.971	99.812	50,6
2012	1.852	96.264	52,0
2013	1.759	97.988	55,7
2014	1.700	98.983	58,2
2015	1.598	97.390	60,9
2016	1.491	93.394	62,6
2017	1.432	96.129	67,1
2018	1.389	96.305	69,3
2019	1.337	96.792	72,4
2020	1.304	96.097	73,7
2021	1.258	96.752	76,9

De forma gráfica:




Obsérvase un continuo incremento do tamaño das explotacións, o que, sen dúbida, é unha mostra da profesionalidade do sector.

3.3. Estrutura do rabaño

Vacas por gandería	Ganderías	Porcentaxe	Media vacas	Porcentaxe recría
Menor de 20	46	3,7	17	49,5
De 20 a 39	291	23,1	30	48,5
De 40 a 59	295	23,4	49	56,6
De 60 a 79	225	17,9	69	61,6
De 80 a 99	125	9,9	88	61,5
De 100 a 149	153	12,2	120	65,6
De 150 a 200	59	4,7	170	68,3
>200	64	5,1	278	73,5

De forma gráfica:



Podemos ver como, a pesar de que aumenta o número de grandes explotacións, a metade ten menos de 60 vacas.

Debemos traballar na procura dun servizo capaz de servir tanto a esas explotacións máis pequenas como as máis grandes, que, sen dúbida, seguirán a medrar, tal e como indica a súa maior porcentaxe de recría.

3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro


Concello / Comarca	N.º explotacións	Vacas	Media por explotación
A FONSAGRADA	3	179	
BALEIRA	17	1.218	
A FONSAGRADA	20	1.397	69,9
FOZ	1	55	
LOURENZÁ	5	236	
MONDOÑEDO	3	137	
A MARIÑA CENTRAL	9	428	47,6
A PONTENOVA	5	274	
BARREIROS	17	1.351	
RIBADEO	29	2.168	
TRABADA	22	1.901	
A MARIÑA ORIENTAL	73	5.694	78,0
ANTAS DE ULLA	9	621	
MONTERROSO	27	2.259	
PALAS DE REI	43	3.548	
A ULLOA	79	6.428	81,4
CARBALLEDO	23	1.391	
CHANTADA	71	4.043	
TABOADA	41	2.934	
CHANTADA	135	8.368	62,0
CASTROVERDE	53	3.403	
FRIOL	31	2.127	
GUNTÍN	42	4.867	
LUGO	54	3.935	
O CORGO	24	1.259	
OUTEIRO DE REI	19	1.190	
PORTOMARÍN	29	3.035	
LUGO	252	19.816	78,6

3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro

Concello / Comarca	N.º explotacións	Vacas	Media por explotación
MEIRA	10	739	
POL	62	4.959	
RIBEIRA DE PIQUÍN	2	52	
RIOTORTO	10	572	
MEIRA	84	6.322	75,3
BARALLA	11	735	
BECERREÁ	4	147	
OS ANCARES	15	882	58,8
LÁNCARA	26	1.860	
O INCIO	9	507	
O PÁRAMO	23	2.169	
PARADELA	29	2.343	
SAMOS	15	1.041	
SARRIA	82	5.627	
TRIACASTELA	2	101	
SARRIA	186	13.648	73,4
A PASTORIZA	99	9003	
ABADÍN	14	770	
BEGONTE	7	572	
CASTRO DE REI	76	7.915	
COSPEITO	41	3.335	
GUITIRIZ	71	4.515	
VILALBA	20	1.970	
XERMADE	28	2.162	
A TERRA CHÁ	356	30.242	84,9
A POBRA DO BROLLÓN	3	245	
BÓVEDA	11	426	
MONFORTE	7	843	
O SAVIÑAO	25	1.785	
SOBER	3	228	
TERRA DE LEMOS	49	3.527	72,0
LUGO	1.258	96.752	76,9

3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro

Distribución xeográfica das ganderías en Control Leiteiro



4. FORMACIÓN

Africor Lugo sempre apostou pola formación como vía para acadar explotacións capaces de producir moito leite, de boa calidade e con baixos custos, pois esta é a única forma de garantir o futuro do sector: traballando para sermos cada vez máis eficaces e eficientes. Por iso, organizase anualmente unha xornada técnica dirixida a gandeiros e técnicos que traballan na produción de leite.



Xornada Africor Lugo-Vaca Pinta
2 | 3 | 4 DE MARZO DE 2021
EMISIÓN EN ABERTO
Sigue en vacapinta.com

PROGRAMA

MARTE 2
15:30 h. Índices técnicos de control leiteiro - calidade do leite
Oriol Franquesa (QLlet)

16:15 h. Tratamento selectivo ao sacado: que é o que funciona e o que non?
Alfonso Lago (Dairy Experts)

MODERA: Fernando Rodríguez

MÉRCORES 3
15:30 h. Tes leite: o futuro da monitorización da saúde na industria láctea
Jessica Michel (Universidade Cornell)

16:15 h. Como cambia o teu día a día na granxa leiteira a intelixencia artificial
Fernando Masero (Dairy Data Warehouse)

MODERA: Juan Calvo

XOVES 4
15:30 h. Achegando solucións integradas ás ganderías máis grandes dos Estados Unidos: e máis que dar consellos!
Alfonso Lago (Dairy Experts)

16:15 h. Aplicación de novas tecnoloxías no período de recría
Alejandro Pérez (Cowshed)

17:00 h. Obxectivos do seguro agrario para 2021
Jose Bernardo Rodríguez

MODERA: Ramiro Fouz

ORGANIZADA POR: Africor, Vaca Pinta, UNIVERSIDADE DE LUGO, CENTRO DE GALICIA, U.S.C., FEDERACIÓN LUGUESA DE GANDEIROS

COLABORA: AgroBank, Elanco, MSD, Boehringer Ingelheim, KETETRA FONDO

4.1. XIV Xornada Técnica de Producción de Leite

Ante a situación sanitaria que estabamos a vivir, dende a organización optamos pola celebración da xornada na modalidade *online*, que foi dividida en tres sesións formativas que se puideron seguir en aberto os días 2, 3 e 4 de marzo desde a páxina web e Facebook de Vaca Pinta, en horario de 15:30 a 17:30 h, co fin de permitir unha mellor conciliación destas co traballo diario da explotación.

Abriu a primeira xornada o veterinario **Oriol Franquesa** (QLlet SLP), cuxo relato se centrou nos índices técnicos de control leiteiro, os cales nos “deixan ver como está a gandería hoxe e, ao coñecer onde estamos, podemos fixar obxectivos, propor unha serie de actuacións e, despois, avaliar os resultados para ver se as decisións foron as correctas ou fallaron”, explicou.

Neste sentido, Franquesa resaltou a importancia de ter os índices precisos: “Tantos como sexa necesario e tan poucos como sexa posible” e apuntou que, aínda que a utilidade e as vantaxes do control leiteiro están claras, “aínda debemos sacarlles o máximo proveito”.



Oriol Franquesa

“As propias asociacións de control leiteiro xeran os índices de produción, secado etc., teñen todos os datos da provincia e pódense comparar”, indicou. Entre os parámetros que se deben ter en conta, destacou os índices técnicos de calidade de leite, o último control leiteiro, os datos comparativos de dous controis consecutivos e as informacións sobre saúde do ubre durante o secado e sobre os animais para secado selectivo.

A súa exposición apoiouse na páxina web de Africor Lugo, a través da cal deu conta das plataformas que permiten coñecer diferentes informes, como Cegacol ou Sinbad. Así, paso a paso e tomando como exemplo unha ganadería lucense, foi mostrando como se poderían buscar os informes individuais de cada vaca, así como consultas e todos os datos que se poderían obter. Seguidamente, ensinou como ver o historial de lactación, producións ou gráficos de lactación, entre outros datos. “Temos o informe anual, onde hai un apartado de cetose, e dentro tamén che dá a media da provincia para poder comparar se vas moi pasado ou vas ben”, apuntou.

Tras a súa disertación, deuse paso á rolda de preguntas, na que o moderador da sesión, **Fernando Rodríguez** (Africor Lugo), fixo referencia á importancia de recoller máis ou menos índices dos motivos de baixa, ao que Franquesa respondeu que está ben “ter moita información e saber os motivos de baixa. O que pasa agora é que non somos moi exactos; se ampliamos, poderíamos ser máis finos, pero é mellor ter poucos e bos”.

O director de Africor Lugo tamén lle consultou como deben traballar para seguir sendo útiles para as granxas: “É un tema que levamos tempo falando, as explotacións melloraron, pero o control leiteiro ten que ser útil, se non, morre. Será útil para o secado selectivo, para a redución de antibióticos, para xenotipar os animais...”. Sobre esta cuestión, Franquesa deixou claro que “temos que ir explorando todo isto xunto co gandeiro”.



Alfonso Lago

“Que funciona e que non no tratamento selectivo de secado”

A seguinte charla correu a cargo de **Alfonso Lago** (DairyExperts) e versou sobre o tratamento selectivo do secado, para tratar de dilucidar que é o que funciona e que non. Neste sentido, aclarou que “a baixa prevalencia xeral de infección e a baixa prevalencia de patóxenos contagiosos ao secar que teñen as vacas, así como as tendencias globais e as demandas domésticas poden requirir a terapia selectiva como unha alternativa” e puntualizou que “ademais, contamos con ferramentas de selección e selladores de mamilas que axudan ao proceso”. Con todo, advertiu que “o tratamento selectivo é un factor factible, pero a terapia selectiva non o é para todas as granxas”.

“Unha mirada ao futuro da monitorización da saúde”

A segunda xornada arrincou coa disertación da doutora en Epidemioloxía **Jessica McArt** (Universidade de Cornell), quen puxo o foco no futuro da monitorización da saúde na industria láctea. Na súa introdución afirmou que o leite “nos pode dicir moito sobre a vaca individual e sobre o nivel de saúde do rabaño”. McArt baseou o seu relatorio en estudos publicados recentemente, que abordaban os compoñentes do leite, que, segundo destacou, poden axudar a previr enfermidades na fase primeira da lactación, a variación diúrna nos seus compoñentes ou a monitorización da saúde do rabaño. “Eu creo que o problema agora é a tecnoloxía de como recollemos estas mostras e como podemos aplicalo; aí é onde os laboratorios de leite poden dar apoio aos nutricionistas e aos veterinarios para axudarnos a corrixir esta situación”, sinalou.



Jessica McArt

Para finalizar a súa intervención, a relatora puntualizou que, dependendo dos tipos de máquinas utilizadas, as ecuacións que empregan para estimar os compoñentes do leite e os métodos de referencia que se utilizan para esas ecuacións, “podemos ter resultados diferentes e tamén poden ser diferentes baseándonos na bioloxía da vaca”.

“A intelixencia artificial na granxa leiteira: o novo día a día”

A continuación, foi a quenda de **Fernando Mazeris** (Dairy Data Warehouse), quen dedicou a súa intervención aos cambios que sufrirá o día a día na granxa leiteira coa intelixencia artificial. “A tecnoloxía impactará máis pronto que tarde na industria leiteira, en toda a súa cadea de valor”, sentenciou. “Levar unha gandería de leite hoxe en día non é nada fácil, conseguir rendibilidade non é nada sinxelo; hai que manexar os números moi finamente para seguir adiante”, resaltou na súa introdución.

Seguidamente, mostrou diferentes programas: Predicta Milk, Predicta Inventory ou Predicta Health, os cales, segundo o seu criterio, darán respostas a moitas das cuestións operativas diarias dun produtor de leite (vinculados a sensores); por exemplo, identificar o impacto económico e suxerir un tratamento, así como a moitas das preguntas estratéxicas a curto e longo prazo. Mazeris considera que isto ofrecerá unha base de información que lles permitirá aos produtores tomar decisións.



Fernando Mazeris

Na rolda de preguntas, o moderador **Juan Cainzos** cuestionou como poderán usar os datos do control leiteiro para crear valor predictivo: “O algoritmo podería traballar conxuntamente coa xente de control leiteiro e prover así as predicións aos seus asociados”, aclarou Mazeris. Outra das dúbidas centrouse no ámbito veterinario, que “vai diminuír o seu traballo no que respecta a analizar os datos; simplificarase a información, pero a súa formación vai ser fundamental para axudar ao gandeiro a implementar accións”.

Para concluír a charla, o moderador expuxo se todos os algoritmos expostos serían factibles nun futuro próximo e para calquera granxa. “Todos os Predicta se poden aplicar a calquera equipamento de muxido, non é necesario que sexan dalgunha marca en concreto”, aclarou o experto, ao que engadiu que “é sinxelo chegar a esta tecnoloxía, non se necesita un grande investimento; necesítase que funcionen cos sistemas que traballan para que non teñan que forzarse a cambialos, xa que sería máis custoso”.

“O reto das macrogranxas dos EE. UU.”

A terceira sesión contou de novo coa presenza de **Alfonso Lago**, cuxa disertación xirou esta vez ao redor de como afrontar o traballo en ganderías de gran tamaño nos Estados Unidos. Para ilustrar a súa exposición, mostrou diversas granxas con milleiros de animais que se atopan preto do seu centro de investigación. Ademais, falou do estudo que realizan, no cal as avanzadas lles achegan diferentes datos dos animais, como as medidas do leite, é dicir, “a produción e os seus compoñentes, así como a calidade, mídense automaticamente por cada vaca e en cada muxido”, ou a condición corporal, o peso, ou mesmo a ventilación e a luz controlada. Ademais, indicou que os estudos que realizan non sempre son para empresas, senón que tamén o fan para gandeiros particulares. En todo o proceso “é moi importante participar e implicarse na toma de decisións; formar parte do traballo”.

Ramiro Fouz, moderador da sesión, interveu na charla para preguntarlle ao relator sobre o tema económico, pois, tendo en conta que tratan con explotacións de gran tamaño, as decisións poden ter maior trasfondo monetario. “Hai decisións que teñen unha relevancia grande, pero no tema económico fas uns cálculos, discutes os *inputs* que van nese cálculo co dono da explotación. Se o ve claro, séguese adiante; se non, non; en canto mostres o que calculas e deixes ver o proceso a quen toma as decisións, estes poden modificar os cálculos ao crer que estás infravalorando algunha cousa ou o que sexa”, respondeu Lago, e engadiu que “o máis grande é poder implementar iso; os números saen por diante, pero despois temos que integrar esa práctica de manexo na estrutura da granxa e quizais aí está o traballo; ao final, o máis duro e máis bonito é levar todo o cambio á xente”.

A tecnificación levada aos sensores de muxido nesas granxas de gran tamaño foi outro punto de debate e, finalmente, o conferenciante despediuse aclarando que “moita xente que vén aos Estados Unidos pensa que o que vai ver é un concepto tecnolóxico máis asombroso, implementado en todas as granxas, pero non; ves o mesmo en España, nos EE. UU. ou en Etiopía, se pagas por iso”.

“O período de recría: aplicación de novas tecnoloxías”

Alejandro Pérez (Cowvet) foi o seguinte relator da última xornada, que comezou cunha percepción positiva sobre o sector vacún leiteiro: “Hoxe en día, a recompilación de datos aínda é deficitaria nalgunhas explotacións, malia que esta tendencia está a cambiar”, ao que engadiu que “a incorporación de xente nova, o incremento de animais e a necesidade de aumentar a rendibilidade fai que as explotacións adquiren novos paquetes tecnolóxicos”, pero advertiu que “a aplicación destas tecnoloxías ten un atraso na recría”.

Neste sentido, incidiu no feito de que en moitas explotacións a recría segue sendo a grande esquecida e moitas veces o produtor pon os recursos e esforzos nos animais que producen leite, pero lembrou que ten infinitos beneficios aplicar un plan de recría, polo que animou a “velo como un plan de investimento, porque serán as nosas futuras produtoras”. Sobre esa idea, resaltou que no seu centro de recría están a aplicar as novas tecnoloxías no control do crecemento, a saúde, a lactación e a reprodución. “Todo isto axúdanos a controlar os procesos para obter mellores datos produtivos”.



Alejandro Pérez

Xa no apartado de preguntas xurdiu unha consulta sobre o uso de ecografía ou diagnose: “Vímolo facendo á entrada dos animais, para ver en función das granxas que problemas poderían traer xa, despois outro á desteta, para ver se na fase de lactación puido haber algún problema”, respondeu. Outro punto de debate foi a aplicación de antibióticos en xatas de poucos días e se isto podería provocar algún tipo de parálise. Neste caso o experto aconsellou respectar as doses que marca a farmacéutica, aínda que puntualizou que “moitas veces, con infeccións agudas recorres a unha maior dose de antibiótico; se iso sucede, eu acharía máis á propia enfermidade que ao antibiótico”.

En canto á cuestión de Ramiro Fouz sobre as agrupacións da recría en Cowvet, Pérez explicou que “a lactación é en boxes individuais, despois están ata os 120 días en boxes de 5-6 cabezas e ata os oito meses con corenta animais. Ademais, agora estamos a estudar se hai algunha vantaxe ao xuntalos a partir da semana en casetas de dúas”.



José Bernardo Rodríguez

“Obxectivos do seguro agrario para 2021”

O encargado de pechar as xornadas foi **José Bernardo Rodríguez** (Agroseguro), que ofreceu un percorrido pola evolución do seguro agrario en Galicia. Os datos centráronse nos anos 2019 e 2020, nos que se mostraba que, en canto a contratación, a máis importante foi a do gando vacún reprodutor, despois a do bovino e, en terceiro lugar, a do porcino. A continuación, describiu o programa 401, “que desde o seu deseño marcou o éxito de aseguramento do gando bovino” e diferenciou entre a garantía básica e as adicionais: a primeira inclúe os riscos sanitarios, climáticos, ataque de animais, período improdutivo por mortalidade masiva con ou sen retirada e destrución de cadáveres; en canto ás segundas, “permiten adaptar o seguro ás necesidades de cada produto; esta adaptación quizais é a culpable do éxito da liña, que crece de forma importante”, destacou.

O director territorial de Agroseguro enumerou as diferentes melloras levadas a cabo durante a última campaña: a domiciliación bancaria, o pago directo asegurado, o incremento dos servizos de web ou a teleperitación, “que a empezamos por outros temas, pero a pandemia acelerouna”. En definitiva, “en 2020 dicíamos que o noso obxectivo era ser mellores. En 2021, é continuar á beira do produtor para ser aínda mellores”, concluíu.

5. MERCADO DE ANIMAIS

A pesar de ser 2021 un ano diferente, marcado por unha pandemia mundial, os gandeiros seguiron producindo alimentos para a sociedade. Así, tamén necesitaron mercar e vender animais, malia que esta actividade si se viu moi condicionada polas restricións sanitarias, que limitaron ou impediron a celebración de moitos mercados e feiras e, como non podía ser doutra maneira, tamén as poxas que normalmente organizaba Africor Lugo.

Estas circunstancias dificultaron, pero non impediron, a adquisición de animais por parte dos gandeiros. Así os inscritos en Control Leiteiro da provincia de Lugo incorporaron máis de 1.600 vacas procedentes doutros países durante o ano 2021, é dicir, 100 máis que o ano anterior.

Á vista desta información, podemos concluír que as ganderías requiren de máis animais que os que están recriando, ben por un erro na planificación da recría ou porque optan por non recriar e recorren a compra de animais cando necesitan.

En ambos os supostos queda clara a existencia dunha demanda de animais, que pode ser aproveitada por explotacións con capacidade para recriar máis dos que precisan, polo que se abre así unha nova liña de negocio: a recría de animais para venda.

Coa idea de axudar a favorecer a devandita liña así como establecer vías de comercialización dos animais, víñanse realizando as poxas de gando organizadas por Africor Lugo, co obxectivo de axudar aos gandeiros criadores a vender os seus animais e de servir para concentrar a oferta e facilitarlles aos compradores a súa adquisición.

5.1. Bolsa de recría

As poxas son unha boa canle de comercialización dos excedentes da recría, pero dado o seu escaso número e dadas as estritas condicións de admisión para os animais alí ofertados, a bolsa de recría preséntase como outra ferramenta á disposición dos gandeiros para poñer á venda os seus animais. Hai que salientar a boa demanda que están a ter xatas de recría máis novas, de dous ou tres meses de idade, para as que a páxina web está a ser un referente para os compradores que permanecen atentos ás novas actualizacións. Este servizo préstase a través da páxina web de Africor Lugo (www.africorlugo.com) e tamén a través da *app* no teléfono móbil, dun xeito áxil e dinámico. Tamén se inclúe un apartado para venda de machos para monta natural e de embrións.

Oferta

Calquera gandeiro interesado en ofertar animais para a venda pode facelo poñéndose en contacto directamente con Africor Lugo ou a través do seu controlador e procederase a actualizar a páxina web coa súa oferta.

Demanda

Aquelas persoas interesadas en saber onde poden mercar animais non teñen máis que consultar a páxina web ou poñerse en contacto con Africor Lugo.

6. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO SECTOR PRODUTOR DE LEITE

Galicia reúne o 56 % das ganderías produtoras de leite do Estado e produce o 40 % do leite, o que a sitúa como unha das principais rexións produtoras de leite de Europa. Estes datos serven para ter unha idea da importancia deste sector dentro da nosa comunidade.

Cómpre destacar esta información e difundila entre a sociedade co fin de que se recoñeza a importancia dun sector capaz de transformar os recursos naturais en alimento para a sociedade, polo que é un xerador de riqueza.

A finais de 2021 eran 6.400 explotacións as que lle estaban entregando leite á industria —hoxe menos, pois a redución é continua—, pero o tamaño das que persisten vai en aumento, froito da fusión de varias ganderías ou como medida para poder subsistir nun mercado cada vez máis complexo, con grandes incrementos no prezo dos insumos, que obrigan a modificar os sistemas de produción e a ser moi eficientes para poder sobrevivir.

Segundo unha enquisa realizada entre os socios de Africor Lugo, as ganderías en Control Leiteiro empregan unha media de 3,6 persoas entre titulares e asalariados. A isto hai que engadir todas as empresas que dependen directamente destas ganderías e que forman o que denominamos o sector produtor de leite, dentro das cales temos que incluír:

- Servizos profesionais: veterinarios, enxeñeiros etc.
- Servizos de maquinaria: case todas as ganderías contratan parte dos traballos de campo.
- Provedores de insumos: os que venden o penso, a maquinaria, os fertilizantes, os fitosanitarios etc.
- As industrias lácteas, se non producimos leite, non hai que transportalo nin envasalo.
- Empresas de construción, electricidade, fontanería etc., as ganderías son instalacións cada vez máis complexas que hai que construír e logo manter.

Todo isto está baseado na produción de leite, é dicir, a transformación dos recursos naturais en alimento, á vez que coidamos o medio ambiente, garantimos o benestar dos animais e fixamos poboación no rural, pero sen esquecer a importancia económica destes case 3 millóns de toneladas de leite que lles permiten aos gandeiros cobrar 1.000 millóns de euros que serven para manter este sector.


6.1. CONCURSO AUTONÓMICO FEFRIGA 2021

Lalín, Pontevedra, 11 e 12 de setembro

Coincidindo coa celebración de Feiradeza, tivo lugar o XXIX Concurso Autonómico da Raza Frisoa. A xuíza encargada de realizar ambos os xulgamentos foi a belga Dna. Martine Lambot. As ganderías participantes da provincia de Lugo foron as seguintes:

Gandería	Enderezo
Pena Guisande	Friolfe, O Páramo
Pozo	Galegos, Saa, Lugo
Rey de Miñotelo	Miñotelo, Aguarda, A Pastoriza
Siñeiro	Remior, Barreiros

A continuación, indícanse os recoñecementos obtidos polos animais destas ganderías, das que Rey de Miñotelo foi a gran triunfadora, pois acadou os premios de Mellor Xovenca e Mellor Vaca de Galicia, así como os de Mellor Criador de Xatas e Vacas.



6.1. Concurso Autonómico da Raza Frisoa FEFRIGA 2021

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Xata Campiona/Gran Campiona	Rey 977 Chief Genesis	Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Mellor Criador de Xovencas de Galicia		Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Segundo Mellor Criador de Xovencas de Galicia		Rey de Miñotelo	A Pastoriza



Rey 977 Chief Genesis

Campionatos	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Nova Subcampiona	Rey 894 Diamondback Zysonrri	Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Vaca Intermedia Campiona/Gran Campiona	Rey 814 Beemer Yuri	Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Vaca Intermedia Subcampiona	Tio Andres Supertoro 3106-331	Pozo	Lugo



Rey 814 Beemer Yuri

6.1. Concurso Autonómico da Raza Frisoa FEFRIGA 2021



Rey 894 Diamondback Zysonrri



Tio Andres Supertoro 3106-331

Campionatos	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Adulta Campiona	Rey 735 Dinosa Bradnick	Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Vaca Adulta Subcampiona	Rey 642 Yudi Doorman	Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Mellor Criador de Galicia		Rey de Miñotelo	A Pastoriza
Segundo Mellor Criador de Galicia		Pozo	Lugo



Rey 735 Dinosa Bradnick



Rey 642 Yudi Doorman



Rey de Miñotelo



Pozo

6.2. 41 Concurso Nacional CONAFE 2021

Xixón (Asturias), 24-26 de setembro

O xuíz desta edición foi o catalán D. Pol Collell. A participación luguesa nesta edición correu a cargo da gandería **Rey de Miñotelo** (A Pastoriza), que acudiu ao certame cun grupo de 13 animais sen parir e dúas vacas paridas.

A súa aposta polas xatas resultou gañadora pois, ademais de acadar o título de Campiona Nacional de Xatas e Xovencas con Rey 1014 Moovin Sony ET e a Mención de Honra con Rey 996 Warrior Sroseta Red ET, tamén logrou os títulos de Mellor Rabaño Nacional e Mellor Criador de Xatas e Xovencas.



Rey 1014 Moovin Sony ET
Campiona Nacional



Rey 996 Warrior Sroseta Red ET
Mención de Honra



Rey de Miñotelo
Mellor Criador Nacional



Rey 509 Ninfa Spirte
5 EX, 9 partos, máis de 130.000 quilos de leite

7. DATOS DE CONTROL LEITEIRO

O Control Leiteiro é unha ferramenta básica na xestión dunha explotación produtora de leite, capaz de xerar índices e informes a partir da información recollida polos técnicos da asociación, que axuden ao gandeiro na mellora e avaliación das prácticas realizadas na gandería. Esta información, ademais, é enviada ao Libro Xenealóxico, e constitúe a base das avaliacións xenéticas.


7.1. Producción

A produción vaca a vaca e mes a mes é un dos datos básicos recollidos no Control Leiteiro, a partir da cal se calcula o leite producido por vaca na lactación.

Os controis realizados durante o ano 2021, distribuídos mensualmente, foron os seguintes:

Mes	Vacas controladas	Leite/vaca/día	% graxa	% proteína	PL (puntuación lineal)
Xaneiro	78.919	33,3	4,16	3,44	2,69
Febreiro	79.888	33,9	4,05	3,38	2,55
Marzo	80.358	34,2	4,02	3,40	2,52
Maio	81.287	34,4	4,00	3,38	2,58
Xuño	81.097	34,5	3,99	3,37	2,66
Xullo	80.680	34,6	3,93	3,34	2,83
Agosto	80.302	34,5	3,90	3,33	2,73
Setembro	81.128	33,5	4,00	3,36	2,82
Outubro	80.534	33,5	4,12	3,44	2,73
Novembro	80.274	33,5	4,21	3,47	2,62
Decembro	80.217	33,8	4,18	3,44	2,60
Total	884.684	34,0	4,05	3,40	2,67

De forma gráfica:



A produción media sempre é un pouco superior nos meses da primavera, debido ás ganderías con sistemas de manexo máis extensivos.


7.1. Produción

Produción ao longo da lactación

Indícanse os datos medios de produción en función do número de control.

N.º control	N.º vacas	Leite	% Graxa	% Proteína	PL
1	89.431	36,2	4,19	3,26	2,51
2	87.336	40,2	3,79	3,07	2,15
3	85.550	39,3	3,81	3,17	2,28
4	83.871	37,8	3,87	3,27	2,40
5	74.962	36,3	3,93	3,33	2,51
6	73.585	35,0	4,00	3,39	2,60
7	72.058	33,6	4,05	3,44	2,68
8	69.694	32,0	4,12	3,50	2,79
9	69.216	30,2	4,20	3,57	2,90
10	55.190	28,7	4,25	3,62	3,02
11	39.565	27,4	4,28	3,67	3,17
12	27.503	26,2	4,31	3,71	3,30
13	18.996	25,2	4,34	3,74	3,39
14	12.934	24,4	4,35	3,77	3,47
15	8.843	23,7	4,36	3,78	3,50
16	6.121	22,7	4,38	3,81	3,57
